<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ h ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3.O tempo histórico e a súa medida. ▪ B4.4.Técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado: os mapas históricos e as liñas do tempo. Realización dunha liña do tempo que recolla os acontecementos históricos máis relevantes que marcan as idades da historia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2.Utiliza as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade para ordenar temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos relevantes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB4.2.1.Usa diferentes técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado, percibindo a duración, a simultaneidade e as relacións entre os acontecementos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ o ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5.As transformacións económicas, políticas, sociais e culturais do século XIX. ▪ B4.6.España na Idade Contemporánea I: o século XIX. ▪ B4.7.As transformacións económicas, políticas, sociais e culturais do século XX. ▪ B4.8.España na Idade Contemporánea II: o século XX. Mulleres e homes relevantes na historia de España e Galicia. ▪ B4.9.España na Unión Europea. ▪ B4.10.O Mundo Actual. Realización de arquivos sobre temas de actualidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3.Identificar, localizar no tempo e no espazo e comprender os procesos e acontecementos históricos, políticos, sociais e culturais, máis relevantes da historia de España para adquirir unha perspectiva global da súa evolución. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB4.3.1.Sitúa nunha liña do tempo as etapas históricas máis importantes das distintas idades da historia en España. ▪ CSB4.3.2.Identifica e localiza no tempo e no espazo os feitos fundamentais da historia de España describindo as principais características de cada unha delas. ▪ CSB4.3.3.Explica aspectos relacionados coa forma de vida e organización social de España das distintas épocas históricas 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CSC ▪ CCEC

			estudadas.	<ul style="list-style-type: none"> CAA
			<ul style="list-style-type: none"> CSB4.3.4.Describe en orde cronolóxica os principais movementos artísticos e culturais das distintas etapas da historia de España citando os seus representantes máis significativos. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CMCCT CSC
			<ul style="list-style-type: none"> CSB4.3.5.Explica os principais acontecementos que se produciron durante o s. XIX e XX e que determinan a nosa historia contemporánea. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCEC CAA
			<ul style="list-style-type: none"> CSB4.3.6.Describe as características da sociedade española actual, e valora o seu carácter democrático e plural, así como a pertenza á Unión Europea. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCEC CAA
 d  o  h	<ul style="list-style-type: none"> B4.11.Noso patrimonio histórico e cultural. B4.12.Patrimonio da Humanidade. Elaboración dunha guía sobre os sitios e lugares Patrimonio da Humanidade. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.4.Desenvolver a curiosidade por coñecer as formas da vida humana no pasado, valorando a importancia que teñen os restos para o coñecemento e estudo da historia e como patrimonio cultural que hai que coidar e legar. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB4.4.1.Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCEC CAA
			<ul style="list-style-type: none"> CSB4.4.2.Respecta os restos históricos e os valora como un patrimonio que debemos legar e recoñece o valor que o patrimonio arqueolóxico monumental nos achega para o coñecemento do pasado. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCEC CAA
 d  o  h	<ul style="list-style-type: none"> B4.13.Museos, sitios e monumentos históricos como espazos de aprendizaxe e gozo. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.5.Valorar a importancia dos museos, sitios e monumentos históricos como espazos onde se ensina e aprende, amosando unha actitude de respecto á súa contorna e á súa cultura, apreciando a herdanza cultural. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB4.5.1.Respecta e asume o comportamento que debe cumprirse cando visita un museo ou un edificio antigo. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCEC CAA
			<ul style="list-style-type: none"> CSB4.5.2.Aprecia a herdanza cultural a escala local, nacional e europea como a riqueza compartida que hai que coñecer, preservar e coidar. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCEC CAA

PERFIL COMPETENCIAL

Competencia crave	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
AA-CL	Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, con precisión, analiza, obtén conclusións, reflexiona sobre o proceso seguido e comunica oralmente e/ou por escrito.
BB	Utiliza as TIC (Internet, blogs, redes sociais, etc.) para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados na aula, xulgando a relevancia destas e a credibilidade das fontes.
AA-D	Analiza informacións relacionadas coa área e elabora, interpreta e compara imaxes, táboas, gráficos, esquemas e resumos e manexa as TIC en situacións de traballo na casa e na aula.
IEE	Realiza con responsabilidade e esforzo as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.
CL-AA	Utiliza con rigor e precisión o vocabulario adquirido para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados e reflexiona posteriormente sobre o proceso de aprendizaxe cunhas pautas dadas.
CL	Expón oralmente, de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área que manifesten a comprensión de textos orais e/ou escritos.
AA-SC	Planifica, realiza traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñen a procura, selección, análise, contraste, interpretación e organización de textos de carácter xeográfico, social e histórico, en situacións de aula.
SC	Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo e mostra habilidades para a resolución pacífica de conflitos na aula.
SC	Participa en actividades de grupo adoptando un comportamento responsable, construtivo e solidario e respecta os principios básicos do funcionamento democrático (respectar quenda e opinión, escoitar o outro e argumentar, toma de decisións conxunta, etc.).
SC	Valora a importancia dunha convivencia pacífica e tolerante entre os diferentes grupos humanos (aula, colexio, familia, etc.) sobre a base dos valores democráticos e os dereitos humanos universalmente compartidos.
SC	Participa dunha maneira eficaz e construtiva na vida social da aula e do colexio e crea e utiliza estratexias para resolver conflitos.
SC	Identifica e utiliza os códigos de conduta e os usos xeralmente aceptados nas distintas sociedades e contornas (escola, familia, barrio, etc.).
SC	Valora e apoia a cooperación e o diálogo como forma de evitar e resolver conflitos exercitando prácticas democráticas en situacións de toma de decisións.
IEE	Mostra actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese, creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor que o fan activo ante as circunstancias que o rodean na aula, a familia e o colexio.
IEE	Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.
SC	Desenvolve actitudes de cooperación e de traballo en equipo, valora as ideas alleas e reacciona con intuición, apertura e flexibilidade ante elas en situacións de aula.
SC	Planifica traballos en grupo, coordina equipos, toma decisións e acepta responsabilidades.
CL-MCT	Describe como é e de que forma se orixinou universo e explica os principais compoñentes identificando galaxia, estrela, planeta, satélite, asteroide e cometa.
CL-MCT	Describe as características, compoñentes e movementos do sistema solar, identificando o Sol no centro do sistema solar e localizando os planetas segundo a súa proximidade.
CL-MCT	Define e representa o movemento de translación terrestre, o eixe de xiro e os polos xeográficos e asocia as estacións de ano ao seu efecto combinado.
CL-MCT	Asocia e explica o día e a noite como consecuencia da rotación terrestre utilizándoos como unidades para medir o tempo.
CL-MCT	Define a translación da Lúa identificando e nomeando as fases lunares.
MCT	Identifica, nomea e describe nunha representación gráfica as capas da Terra.
CL-MCT	Compara, contrasta, examina e explica as distintas representacións da Terra: planos, mapas, planisferios e globos terráneos.
MCT-CL	Identifica e clasifica os diferentes tipos de mapas, incluíndo os planisferios, define que é a escala nun mapa e interpreta os signos convencionais máis usuais que poden aparecer nel.
MCT	Localiza e representa diferentes puntos da Terra empregando os paralelos, os meridianos e as coordenadas xeográficas.
CL	Identifica e nomea fenómenos atmosféricos e describe as causas que producen a formación das nubes e as precipitacións.
CL	Razoa e explica a importancia de coidar a atmosfera e as consecuencias de non o facer.
CL	Explica cal é a diferenza entre tempo atmosférico e clima (p. ex., en mapas conceptuais).
MCT	Identifica en imaxes os distintos aparellos de medida que se utilizan para a recollida de datos atmosféricos e clasifícaos segundo a información que proporcionan.
CL-MCT	Describe unha estación meteorolóxica, explica a súa función e confecciona e interpreta gráficos sinxelos de

	temperaturas e precipitacións.
MCT	Interpreta sinxelos mapas meteorolóxicos distinguindo os seus elementos principais.
CL	Define clima, nomea os seus elementos e identifica os factores que o determinan.
CL	Explica que é unha zona climática nomeando o tres zonas climáticas do planeta e describindo as súas características principais.
MCT	Describe e sinala nun mapa os tipos de climas da súa comunidade autónoma e de España, así como as zonas ás que afecta cada un, interpretando e analizando climogramas de distintos territorios de España relacionándoos co clima ao que pertencen.
CL	Define hidrosfera, identifica e nomea masas e cursos de auga, explicando como se forman as augas subterráneas, como afloran e como se accede a elas.
CL-MCT	Describe ordenadamente as fases en que se produce o ciclo da auga.
CL-MCT	Diferencia, nun mapa, cuncas e vertentes hidrográficas da súa comunidade autónoma, de España e de Europa.
CL-MCT	Identifica e nomea os tramos dun río e as características de cada un deles.
CL-MCT	Observa, identifica e explica a composición das rochas nomeando algúns dos seus tipos.
CL-MCT	Identifica e explica, mediante esquemas, as diferenzas entre rochas e minerais; describe os seus usos e utilidades e clasifica algúns minerais segundo as súas propiedades.
CL-MCT	Define paisaxe, identifica os seus elementos e explica as características das principais paisaxes da súa comunidade autónoma, de España e Europa, valorando a súa diversidade.
MCT	Localiza e sitúa nun mapa as principais unidades do relevo da súa comunidade autónoma e de España, así como as súas vertentes hidrográficas.
MCT	Sitúa nun mapa os mares, os océanos e os grandes ríos de España, así como os ríos da súa comunidade autónoma.
MCT	Localiza e sitúa nun mapa o relevo de Europa, as súas vertentes hidrográficas e os seus climas.
CL-MCT	Recoñece e describe, mediante esquemas, os principais trazos do relevo, os ríos e o clima de Europa.
SC-CL-MCT	Explica e argumenta o uso sustentable dos recursos naturais, propoñendo e adoptando unha serie de medidas e actuacións que conducen á mellora das condicións ambientais do noso planeta.
SC-CL-MCT	Explica, analiza e argumenta as causas e consecuencias do cambio climático e as actuacións responsables para frealo.
SC	Identifica, respecta e valora os principios democráticos máis importantes establecidos na Constitución de 1978 e explica a importancia que ten a Constitución española para o funcionamento do Estado español.
CL	Identifica as principais institucións da súa comunidade autónoma e do Estado e describe as súas funcións e a súa organización.
SC	Identifica e comprende a división de poderes do Estado e cales son as atribucións recollidas na Constitución española para cada un deles.
CL-SC	Explica a organización territorial de España, nomea as estruturas básicas de goberno e localiza en mapas políticos os distintas CC. AA. e as cidades autónomas que forman España, así como as súas provincias.
CEC-SC	Valora, partindo da realidade do Estado español, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio, e especialmente na súa comunidade autónoma, como fonte de enriquecemento cultural.
SC	Explica que é a Unión Europea e cales son os seus obxectivos políticos e económicos (p. ex., nun mapa conceptual) e localiza nun mapa os países membros e os seus capitais.
SC	Identifica as principais institucións e os seus órganos de goberno na Unión Europea, recoñecendo os seus símbolos, e explica en que consiste o mercado único e a zona euro.
CL-MCT	Define demografía, comprende os principais conceptos demográficos e calcúlaos a partir dos datos de poboación: natalidade, mortalidade, emigración e inmigración.
CL-SC	Define poboación dun territorio, identifica os principais factores que inciden nela e defíneos correctamente.
AA-MCT	Interpreta unha pirámide de poboación e outros gráficos usados no estudo da poboación.
CL-SC	Describe os principais trazos (poboación activa, non activa, densidade, etc.) da poboación española e europea facendo unha comparación entre ambas.
CL-SC	Explica o proceso da evolución da poboación da súa comunidade autónoma, España e Europa e describe a incidencia que tiveron nela factores como a esperanza de vida ou a natalidade.
AA-SC	Describe os factores que condicionan a distribución da poboación española e europea, por exemplo mediante un organizador gráfico de causa efecto.
MCT	Sitúa nun mapa os maiores núcleos de poboación na súa comunidade autónoma e España e as zonas densamente poboadas.
MCT	Describe a densidade de poboación da súa comunidade autónoma e de España e compáraa mediante gráficos (pirámides/diagramas de barras/diagramas circulares) coa media da Unión Europea.
CL-SC	Explica o éxodo rural, a emigración a Europa e a chegada de inmigrantes ao noso país.
CL-SC	Identifica e describe os principais problemas actuais da poboación: superpoblación, envellecemento e inmigración.
CL-SC	Identifica e define materias primas e produto elaborado e asóciaos coas actividades mediante as que se obteñen.
CL-D-SC	Describe ordenadamente o proceso de obtención dun produto ata a súa venda e identifica os sectores aos que pertence, por exemplo buscando información en Internet.

AA-SC	Identifica o tres sectores de actividades económicas e clasifica distintas actividades no grupo ao que pertencen.
CL-SC	Explica as actividades relevantes dos sectores primario, secundario e terciario na súa comunidade autónoma, España e Europa, así como as súas localizacións nos territorios correspondentes.
CL-SC	Valora con espírito crítico a función da publicidade e reconece e explica as técnicas publicitarias máis habituais analizando exemplos concretos.
IEE	Diferencia entre distintos tipos de gasto e adapta o seu orzamento a cada un deles.
IEE	Planifica os seus aforros para gastos futuros elaborando un pequeno orzamento persoal cunha asignación e unha serie de gastos ficticios propostos.
AA	Investiga sobre distintas estratexias de compra, comparando prezos e recompilando información.
IEE	Desenvolve a creatividade e valora a capacidade emprendedora dos membros da sociedade a través de diferentes fontes.
CL-SC	Identifica diferentes tipos de empresa segundo o seu tamaño e o sector económico ao que pertencen as actividades que desenvolven.
CL-SC	Describe diversas formas de organización empresarial, por exemplo cun organizador gráfico.
CL-SC	Define termos sinxelos relacionados co mundo da empresa e da economía, ilustrando as definicións con exemplos e coa axuda dun mapa mental.
CL-SC	Explica normas básicas de circulación e as consecuencias derivadas do descoñecemento ou incumprimento destas.
SC	Coñece o significado dalgúns sinais de tráfico, reconece a importancia de respectalas e utilízalas como peón e como usuario de medios de transporte (abrochase o cinto, non molestar ao condutor, etc.).
CL-SC	Define e relaciona o concepto de Prehistoria e o de historia, identifica a idea de idade da historia e data as idades da historia asociadas aos feitos que marcan os seus inicios e os seus finais, nomeando algunhas fontes da historia representativas de cada unha delas, e comunícaa oralmente e/ou por escrito.
CL-SC	Explica e valora a importancia da escritura, a agricultura e a gandaría como descubrimentos que cambiaron profundamente as sociedades humanas e comunícaa oralmente e/ou por escrito.
MCT	Reconece o século como unidade de medida do tempo histórico e localiza algúns feitos situándoos como sucesivos a. C. ou d. C.
MCT	Usa diferentes técnicas, ferramentas e recursos para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado, percibindo a duración, a simultaneidade e as relacións entre os acontecementos, coa axuda de gráficas e/ou esquemas.
MCT	Sitúa nunha liña do tempo as etapas históricas máis importantes das distintas idades da historia na súa comunidade autónoma e en España (Prehistoria, Idade Antiga, Idade Media, Idade Moderna e Idade Contemporánea).
MCT-CL	Identifica e localiza no tempo e no espazo algúns dos feitos fundamentais da historia de España, describindo as principais características de cada un deles, e comunícaa oralmente e/ou por escrito.
MCT-AA	Analiza, relaciona e explica a forma de vida e organización social de España das distintas épocas históricas estudadas, por exemplo nun mapa mental.
CL-SC	Describe en orde cronolóxica os principais movementos artísticos e culturais das distintas etapas da historia da súa comunidade autónoma e de España (Prehistoria, Idade Antiga, Idade Media, Idade Moderna e Idade Contemporánea) citando aos seus representantes máis significativos e situándoos no tempo nunha situación dada.
AA-SC-CEC	Explica, compara e contrasta as diferenzas dos dous períodos nos que se divide a Prehistoria, describe as características básicas das formas de vida nestas dúas épocas e comunícaa oralmente e/ou por escrito.
CL-SC	Data a Idade Antiga e describe as características básicas da vida naquel tempo, en especial as referidas á romanización, e comunícaa oralmente e/ou por escrito.
CL-CEC-SC	Identifica e secuencia os trazos distintivos das culturas que conviviron nos reinos peninsulares durante a Idade Media, describindo a evolución política e os distintos modelos sociais, e comunícaa oralmente e/ou por escrito.
CL-CEC-SC	Explica as características da Idade Moderna e algúns dos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia neste período de tempo (monarquía dos Austrias, séculos XVI e XVII; os Borbóns, século XVIII) e comunícaa oralmente e/ou por escrito.
CL-CEC-SC	Explica os principais acontecementos que se produciron durante os séculos XIX e XX que determinan a nosa historia contemporánea e comunícaa oralmente e/ou por escrito.
CL-CEC-SC	Describe os trazos característicos da sociedade española actual a través dun texto dado e valora o seu carácter democrático e plural, así como a súa pertenza á Unión Europea.
CEC	Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico da súa comunidade autónoma e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora apadriñando un elemento deste patrimonio.
SC	Respecta os restos históricos, valóraos como un patrimonio que debemos legar e reconece o valor que o patrimonio arqueolóxico monumental achéganos para o coñecemento do pasado.
SC	Respecta e asume o comportamento que debe cumprirse cando visita un museo ou un edificio antigo nas saídas realizadas.
CEC	Aprecia a herdanza cultural a escala local, autonómica, nacional e europea como riqueza compartida que hai que coñecer, preservar e coidar.

ENSINANZAS TRANSVERSAIS

Educación para a igualdade entre sexos

- D Valorar as propias calidades como persoa, coñecer as súas aptitudes e limitacións e valorar a pertenza ao xénero feminino ou masculino.

Educación do consumidor

- BB Desenvolver a capacidade para tomar posturas críticas, coherentes, responsables e solidarias, e manifestar actitudes positivas nas súas accións de compra, goce de bens ou uso de servizos.
- CC Valorar a necesidade de mellorar o uso e a reciclaxe das materias primas, reducir o consumo de enerxía e utilizar enerxías e materias alternativas non contaminantes.
- DD Analizar e valorar o papel da publicidade na incitación ao consumo.

Educación ambiental

- BB Coñecer o medio natural como un sistema vivo en que todos os elementos son interdependentes e onde o ser humano é un elemento máis, capaz de actuar sobre el, cuestionalo e modificalo.
- CC Analizar algunhas manifestacións da intervención humana no medio e tomar conciencia da deterioración que causan nel estas intervencións.

Educación para a saúde. Educación sexual

- Establecer relacións equilibradas e construtivas coas persoas da súa contorna, nas actividades habituais e nas relacións de grupo, nun marco de aprecio e valoración.

Educación para a paz

- Tomar conciencia e rexeitar calquera tipo de discriminación na súa contorna cotiá e na sociedade.
- Cooperar co grupo, dialogar e resolver conflitos mostrando actitudes tolerantes e solidarias.

AVALIACIÓN INICIAL

Na primeira quincena do curso realizarase unha avaliación inicial sobre os contidos mínimos esixidos no curso anterior.

9. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Os criterios de cualificación serán fundamentais para valorar o grao de adquisición das competencias básicas e os obxectivos fixados.

No primeiro trimestre realizarase unha avaliación inicial que servirá de referencia para o desenvolvemento do currículo.

Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións, informando por escrito ao alumno e aos pais das cualificacións obtidas. A asignatura dividirase en temas ou unidades didácticas que se repartirán ao longo das tres avaliacións.

Os procedementos serán variados e descritivos para facilitar a información do progreso nesta área e as competencias básicas, utilizando os seguintes instrumentos:

Observación sistemática.

Revisión de cadernos e traballos realizados polos alumnos/as.

Probas.

Rexistro e control por parte do profesorado

Preguntas de clase

Preguntas dos alumnos

Valoramos:

A realización dos exercicios diarios na clase .

A realización das tarefas de casa

O seu interese

O esforzo

A resposta das preguntas diarias orais da clase

A realización das probas escritas e orais

Adoptando os seguintes **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:**

Coñecementos (50%): valoraranse mediante distintas probas: escritas e orais.

Traballo (40 %): inclúe o traballo no día a día e investigacións e exposicións sobre distintos aspectos da materia.

Actitude (10%): tendo en conta valores como o esforzo, responsabilidade e iniciativa persoal.

10. METODOLOXÍA

A área de Ciencias Sociais, a partir do recoñecemento da propia identidade e do contorno máis próximo, inicia aos alumnos no coñecemento, na análise e na valoración do contorno física, social e cultural.

O ensino da área toma, como base para futuras aprendizaxes, os coñecementos previos que os alumnos adquiriron en contacto co contorno. Partir da propia experiencia esperta o interese por resolver problemas sobre a realidade que os rodea e entender os fenómenos que suceden ao seu redor, tanto os referentes á súa concepción de persoa e as súas relacións cos demais, como do coñecemento e coidado do contorno natural.

A observación sistemática en situacións diferentes e a experimentación adquiren un papel relevante na interpretación de feitos e na explicación de fenómenos ou relacións. Todo iso conduce á introdución do método científico.

Dado o carácter interdisciplinario, débese insistir no protagonismo de todas as ciencias que configuran a área de Ciencias Sociais.

A **integración das competencias e intelixencias múltiples** na área supón insistir máis nas ferramentas esenciais da aprendizaxe (comprensión e expresión oral e escrita) e poñer en práctica estratexias didácticas axeitadas a cada tema.

O **uso das TIC** é un elemento para favorecer a construción de aprendizaxes con sentido, xa que nos permite motivar ao alumno, contextualizar o contido obxecto de aprendizaxe, facilitar a relación da nova aprendizaxe con contextos reais, facilitar a transferencia, xeneralizar e ampliar o contido e facilitar a elaboración de síntese e a transferencia do coñecemento.

11. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS

- Aula:
 - Adaptable segundo as actividades (orais, escritas, proxectos, con encerado dixital, canón...).
 - A disposición permitirá desprazarse con facilidade polos distintos espazos e os materiais estarán ao alcance dos nenos para que traballen de forma autónoma.
- Espazos comúns:
 - Patio, corredores, ximnasio, comedor, biblioteca do centro, sala de informática...
- Espazos exteriores (casa, biblioteca, visitas...):
 - Proxectos cooperativos, exercicios de aplicación, consolidación e estudo autónomo.

12. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- | | |
|-----------------------------------|-----------|
| • Libro de dixital | • Mapas |
| • Recursos educativos (Internet). | • Esfera |
| • Ordenador. | • Fichas. |
| • Encerado dixital | |

13. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Terase en conta a atención á diversidade de niveis, estilos e ritmos de aprendizaxe, de intereses e capacidades dos alumnos:

10. ADAPTACIÓN CURRICULAR (BÁSICA): Os contidos nucleares da unidade didáctica preséntanse de forma máis pautada, con maior apoio gráfico, seguindo unha secuencia de aprendizaxe que facilita a adquisición de competencias por parte dos alumnos.
11. PLANS INDIVIDUAIS dirixidos a alumnos que o requiren (estranxeiros, incorporación tardía, necesidades educativas especiais e superdotación) CON FICHAS DE REFORZO E/OU AMPLIACIÓN
12. ENSINO TITORADO .
13. TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN.
14. LECTURAS E CONSULTAS DE FORMA LIBRE.

INCORPORACIÓN DAS TIC NA AULA

A incorporación das TIC na aula é un dos obxectivos fundamentais do Plan anual das Tic.. Utilizaremos:

<i>Libro Dixital Interactivo</i>	• Libro proxectable que incorpora elementos de interactividade: actividades, ligazóns, animacións...
<i>Actividades TIC</i>	• Actividades integradas nas secuencias de aprendizaxe.
<i>Recursos interactivos da nosa web</i>	• Ligazóns de actividades interactivas existentes na nosa web
<i>Ligazóns a Internet</i>	• Aproveitamento de recursos educativos en Internet: procura de imaxes, información ou curiosidades e selección e organización para transformar estes elementos en coñecemento.
<i>Uso programas informáticos</i>	• Elaboración de traballos utilizando programas de texto- Wor, libreoffice,,,,-, de presentación –Openoffice, Scribus,...-, de vídeo – Moviemaker, videopad,...-, etc

ACCIONS DE CONTRIBUCCION AO PLAN LECTOR

LECTURA

- Lectura do libro de texto.
- Outros textos escritos: curtos, de tipoloxía diferente (informativo, descritivo, contos, poemas...).
- Textos en soporte dixital (Internet e aplicacións informáticas, lectura en pantalla).
- Textos orais complementados e acompañados de imaxes ou audios.

EXPRESIÓN

- Exposición oral e escrita en traballos individuais, actividades en grupo, en razoamentos ou intervencións: planificación, redacción, revisión.
- Expresión oral e escrita das aprendizaxes, utilizando un vocabulario preciso.
- Expresión escrita en soporte papel e en pantalla.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO

1. SITUACIÓN DO ALUMNADO DE 6º DE PRIMARIA

O alumnado é maioritariamente castelán falante. Teñen o castelán como lingua inicial e como lingua habitual.

Obsérvase que a competencia en lingua galega mellora na escrita ao finalizar o ciclo, estando un pouco máis baixo o nivel que o castelán, pero na expresión oral é moito máis baixa.

2. SITUACIÓN DO PROFESORADO.

A maior parte dos docentes do centro empregan o castelán en contextos informais, fóra da clase. É o idioma empregado habitualmente, aínda que moitos teñen como lingua inicial o galego pero a lingua habitual é compartida dependendo dos contextos.

A competencia en galego é case do 100% por parte dos docentes.

3. LINGUA DO ENSINO

Como se deriva da análise sociolingüística, atopámonos nun contorno castelán falante. Tendo en conta o marco legal e o noso punto de partida, fixaremos a lingua de ensino na área de **CIENCIAS SOCIAIS** de 6º de primaria en lingua Galega.

4. OBXECTIVOS XERAIS

Respondendo a un contorno castelán falante e como pautas para a planificación do noso proxecto lingüístico, centrarémonos en dous obxectivos xerais:

Que o alumnado aumente a competencia e uso habitual do galego.

Que acaden unha axeitada competencia en galego ao remate da etapa.

5. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Ser quen de manter unha conversa en galego. Ler en galego con fluidez.

Ampliar o vocabulario galego.

Ser quen de expresarse por escrito en galego.

6. MEDIDAS PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS PREVISTOS.

A lingua vehicular desta área será o galego

Utilizaranse os textos en galego.

A programación será en Galego.

Na aula haberá un diccionario de galego, así como varios exemplares na biblioteca e en cada titoría. Tamén en cada titoría haberá un exemplar coas novas normas ortográficas do galego.

Aumentaranse os volumes de libros en lingua galega na biblioteca do centro e nas distintas bibliotecas de aula.

Aumentarase o material fonográfico e informático en galego.

17. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓNS AO PLAN DE CONVIVENCIA DO

Os obxectivos fundamentais do noso PLAN DE CONVIVENCIA QUE SON:

- É Fomentar a convivencia no centro
- É Instaurar o sentimento de pertenza a un grupo, sentíndose todos os seus membros ben acollidos , respetados e seguros, todos e todas.
- É Aprender estratexias de resolución pacífica de conflitos tales que nos permitan vivir de xeito pacífico tanto dentro como fora da escola
- É Adquisición por parte do alumnado dsa competencias necesarias para lograr unhas relacións sans consigo, cos demais e co medio no que vive
- É Dotar a comunidade educativa dos recursos necesarios para a xestión do conflito.

Para levar a cabo isto centramos o noso labor en tres eixos fundamentais:

1. O COIDADADO DA PERSOA:

- a. Procuraremos acadar nos nosos alumnos o benestar emocional.
- b. Traballaremos a **educación en valores** e as **habilidades sociais**. Utilizaremos especificamente o programa de habilidades sociais “E como? Unha guía para a convivencia.
- c. Prestaremos especial **atención á diversidade** entendendo a diferenza coma un valor.

2. O COIDADADO DO ENTORNO:

- a. Buscamos unha escola aberta e integrada no entorno
 - i. Procuraremos ter un **entorno físico agradable**:
Traballaranse a normas: De cada unha das aulas:
orden do material escolar e limpeza
Do patio de recreo: limpeza e
resolución de conflitos Do resto das
instalacións

3. O COIDADADO DAS RELACIÓNS:

- a. Coas familias:
 - Reunións informativas con todas as familias e ademais
 - Entrevistas persoais con cada unha das familias.
- b. Entre todo o persoal do centro e, en especial entre o profesorado e o alumnado e entre todo o alumnado polo que é necesario levar a cabo:
 - i. Un labor titorial para:
Establecer entre todos unhas normas
fundamentais de aula. Acadar unha
cohesión de todo o grupo.

• ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Actividades de animación lectora relacionada cos temas tratados.

Visita ao Museo de Arte Moderno

Visita a exposicións de pintura e outras propostas polo concello.

Visita ás fragas do Eume.

Viaxe de fin de curso.-

2
4

19. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN

ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA		RESULTADOS ACADÉMICOS	PROPOSTAS DE MELLORA
Preparación da clase e dos materiais didácticos	Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das clases.		
	Existe unha distribución temporal equilibrada.		
	O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.		
Utilización dunha metodoloxía adecuada	Tivéronse en conta aprendizaxes significativas. Considérase a interdisciplinabilidade (en actividades, tratamento dos contidos etc.).		
	A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a.		
Regulación da práctica docente	Grao de seguimento dos alumnos.		
	Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.		
	Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.		
Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá aos alumnos e as familias	Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos.		
	Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.		
	Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.		
	Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronse a coñecer: <ul style="list-style-type: none"> • Aos alumnos. • Ás familias. 		
Utilización de medidas para a atención á diversidade	Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe.		
	Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.		
	As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.		
	Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.		

. MODIFICACIÓN DE MELLORA DA PROGRAMACIÓN ANTERIOR

No seguinte curso realizaranse as modificacións oportunas tendo en conta os resultados da avaliación recollidos no cadro anterior.



**PROGRAMACIÓN
CIENCIAS DA
NATUREZA
6º ED. PRIMARIA**

CEIP PLURILINGÜE GRAXAL-CAMBRE

INDICE

41. Introducción e contextualización
42. Obxectivos da Educación Primaria
43. Competencias clave
44. Obxectivos na área de ciencias da natureza de 6º Primaria
45. Obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe
46. Perfil competencial
47. Ensinanzas transversais
48. Avaliación inicial
49. Procedimentos e instrumentos de avaliación e Criterios de cualificación
50. Metodoloxía
51. Organización de espazos
52. Materiais e recursos didácticos
53. Atención á diversidade
54. Incorporación das TIC
55. Accións de contribución ao proxecto lector do centro
56. Accións de contribución ao proxecto lingüístico do centro
57. Accións de contribución ao plan de convivencia do centro.
58. Actividades complementarias e extraescolares
59. Avaliación da programación.
60. Modificacións propostas na memoria do curso anterior

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Esta área forma parte das áreas troncais especificadas pola **LOMCE**.

As ciencias da natureza axúdannos a coñecer o mundo en que vivimos, a comprender a nosa contorna e as achegas dos avances científicos e tecnolóxicos á nosa vida diaria. A través das ciencias da natureza achegámonos ao traballo científico e á súa contribución ao desenvolvemento, polo que é necesario proporcionar a todos os alumnos e alumnas as bases dunha formación científica que lles axude a desenvolver as competencias necesarias para desenvolverse nunha realidade cambiante cada vez máis científica e tecnolóxica.

A través do área de Ciencias da Natureza os alumnos e alumnas iníciase no desenvolvemento das principais estratexias da metodoloxía científica, tales como a capacidade de formular preguntas, identificar o problema, formular hipótese, planificar e realizar actividades, observar, recoller e organizar a información relevante, sistematizar e analizar os resultados, sacar conclusións e comunicalas, traballando de forma cooperativa e facendo uso de forma adecuada dos materiais e ferramentas.

Os contidos están organizados en 5 bloques

Bloque 1. Iniciación á actividade científica.

Bloque 2. O ser humano e a saúde.

Bloque 3. Os seres vivos.

Bloque 4. Materia e enerxía.

Bloque 5. A tecnoloxía, objectos e máquinas.

Para o desenvolvemento deste currículo dividiremos a materia en unidades didácticas que serán repartidas ao longo das tres avaliacións, pero dada a interrelación dos cinco bloques, non deben ser traballados de forma illada, senón integrada.

A área impartirase nun contexto sociocultural medio, no que, en xeral, podemos contar co apoio e cooperación das familias. A área impartirase en lingua galega pero o ambiente sociolingüístico familiar é castelá.

2. OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN PRIMARIA

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- g) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- h) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

- u) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- v) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- w) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- x) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- y) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- z) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- aa) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- bb) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- cc) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- dd) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- ee) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- ff) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- gg) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

3. COMPETENCIAS CLAVE

As competencias clave do currículo serán as seguintes:

- 1 Comunicación lingüística (CCL).
- 2 Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- 3 Competencia dixital (CD).
- 4 Aprender a aprender (CAA).
- 5 Competencias sociais e cívicas (CSC).
- 6 Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- 7 Conciencia e expresións culturais (CCEC).

a OBXECTIVOS DA ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA 6º E. PRIMARIA

15. Coñecer, a través da investigación e a experimentación, as propiedades dos materiais de uso común, así como o seu comportamento ante a luz, o son, a calor, a humidade, o magnetismo e a electricidade. *(Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista).*

16. Realizar sinxelas experiencias para estudar as reaccións químicas, os comportamentos das mesturas, explicando de forma oral e escrita o proceso seguido e o resultado obtido, e respectando e valorando as normas de uso, seguridade e conservación dos instrumentos e materiais de traballo. *(Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista).*

17. Diseñar obxectos e aparellos cunha finalidade, utilizando fontes enerxéticas, operadores e materiais apropiados, así como principios básicos da electricidade e da transmisión da corrente eléctrica, e valorar a súa utilidade. *(Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista).*

18. Coñecer as achegas de investigadores, científicos e inventores ao longo da historia para o progreso da ciencia. *(Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista).*

19. Coñecer que a célula é a unidade estrutural básica dos seres vivos e comprender a súa importancia na organización dos tecidos, os órganos e os sistemas e aparatos do corpo humano e a súa relación coas funcións vitais. *(Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista).*

20. Identificar e adoptar hábitos saudables, así como técnicas de primeiros auxilios para previr enfermidades infecciosas e enfermidades relacionadas co bo funcionamento dos órganos e os sistemas do corpo humano. *(Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista).*

21. Coñecer diferentes niveis de clasificación da materia viva, empregando instrumentos e medios tecnolóxicos con certa precisión e rigor, e aplicando os principios de seguridade. *(Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista).*

10. Adoptar actitudes de respecto polo medio físico e os seres vivos que o habitan co fin de fomentar o equilibrio dinámico da natureza e o mantemento da contorna natural. (*Sociais e cívicas / Intelixencia interpersoal*).
11. Describir fenómenos físicos de forma estruturada e co vocabulario adecuado. (*Comunicación lingüística / Intelixencia lingüístico-verbal*).
12. Iniciarse na utilización das TIC cun espírito crítico. (*Dixital / Intelixencia lingüístico-verbal*).
13. Tomar decisións reflexionando e sopesando posibilidades de maneira autónoma e responsable para facer fronte a situacións cotiás. (*Iniciativa e espírito emprendedor / Intelixencia intrapersoal*).
14. Participar das iniciativas que xurdan do grupo cooperando como parte dun proxecto común. (*Sociais e cívicas / Intelixencia interpersoal*).
15. Establecer conxecturas, comprobacións e conclusións respecto tanto de feitos que suceden dunha forma natural como sobre os provocados a partires de pequenos experimentos ou experiencias. (*Matemática. Ciencia e tecnoloxía; Iniciativa e espírito emprendedor; Aprender a aprender / Intelixencias naturalista e intrapersoal*).

5. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE – CIENCIAS DA NATURALEZA 6º

BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA				
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ h ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Iniciación á actividade científica. ▪ B1.2. Emprego de diferentes fontes de información. ▪ B1.3. Lectura de textos propios da área. ▪ B1.4. Utilización das tecnoloxías da información e comunicación para buscar e seleccionar información, simular procesos e comunicar conclusións sobre os traballos realizados. ▪ B1.5. Uso progresivamente autónomo do tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas, imaxes etc.). Xestión de ficheiros. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facendo predicións sobre sucesos naturais, integrando datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directa e indirectas e comunicando os resultados en diferentes soportes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analiza, obtén conclusións, elabora informes para o rexistro de plan de traballo e comunica, de forma oral e escrita, as conclusións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE ▪ CAA ▪ CD ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.1.2. Expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.1.3. Emprega de forma autónoma o tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas etc). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE ▪ CMCT ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.1.4. Manexa estratexias axeitadas para acceder á información dos textos de carácter científico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Aproximación experimental a cuestións científicas próximas á súa realidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Establecer conxecturas tanto respecto de sucesos que ocorren dunha forma natural como sobre os que ocorren cando se provocan a través dun experimento ou dunha experiencia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.2.1. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións, identificando os criterios e as consecuencias das decisións tomadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CAA ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Traballo individual e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Traballar de forma cooperativa, 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.3.1. Utiliza estratexias para estudar 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA

<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ c ▪ e ▪ g ▪ h ▪ i 	<p>cooperativo.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.8. A igualdade entre homes e mulleres. A conduta responsable. ▪ B1.9. A relación cos demais. A resolución pacífica de conflitos. Toma de decisións: criterios e consecuencias. ▪ B1.10. Técnicas de traballo. Recursos e técnicas de traballo individual. Desenvolvemento de hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade. ▪ B1.11. Hábitos de prevención de enfermidades e accidentes, na aula e no centro. ▪ B1.12. Emprego de diversos materiais, tendo en conta as normas de seguridade. ▪ B1.13. Elaboración de protocolos de uso das TIC na aula. ▪ B1.14. Valoración da necesidade de controlar o tempo destinado ás tecnoloxías da información e da comunicación e o seu poder de adicción. 	<p>apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, coidando as ferramentas e facendo uso adecuado dos materiais</p>	<p>e traballar de forma eficaz, individualmente e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.3.2. Coñece e emprega as normas de uso e de seguridade dos instrumentos, dos materiais de traballo e das tecnoloxías da información e comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CSIEE ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CD ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ e ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.15. Planificación e realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións, formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, montando, realizando e extraendo conclusións e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións e presentar informes coas conclusións en diferentes soportes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.4.1. Realiza proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizando, extraendo conclusións e comunicando os resultados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE

<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ i ▪ m 	<p>presentando informes en diferentes soportes.</p>		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.4.2. Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CD ▪ CAA ▪ CSIEE
BLOQUE 2 - O SER HUMANO E A SAÚDE				
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. O corpo humano e o seu funcionamento. ▪ B2.2. Anatomía e fisioloxía. ▪ B2.3. Células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas. ▪ B2.4. Diferentes tipos de células. Os virus e as bacterias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano e establecer algunhas relacións fundamentais entre elas e determinados hábitos de saúde. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB2.1.1. Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do ser humano. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. As funcións vitais no ser humano. ▪ B2.6. Función de relación (órganos dos sentidos, sistema nervioso e aparello locomotor). ▪ B2.7. Función de nutrición (aparellos respiratorio, dixestivo, circulatorio e excretor). ▪ B2.8. Función de reprodución (aparello reprodutor). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Coñecer o funcionamento de células, tecidos, órganos, aparellos, sistemas: a súa localización, forma, estrutura, funcións, coidados etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB2.2.1. Identifica e describe as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.9. Saúde e enfermidade. ▪ B2.10. Principais enfermidades que afectan aos aparellos e sistemas do 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida saudables e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB2.3.1. Recoñece estilos de vida saudables e os seus efectos sobre o coidado e mantemento do funcionamento global do corpo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CSC

<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ h ▪ k ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> organismo humano. ▪ B2.11. Hábitos saudables para previr enfermidades. ▪ B2.12. Trastornos alimenticios. ▪ B2.13. Efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas. ▪ B2.14. Tipos de dietas. ▪ B2.15. Análise de etiquetas de produtos. ▪ B2.16. Avances da ciencia que melloran a saúde e a vida. ▪ B2.17. Coñecemento de actuacións básicas de primeiros auxilios. 	<p>coñecendo as repercusións para a saúde.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB2.3.2. Coñece e explica os principios das dietas equilibradas, identificando as prácticas saudables para previr e detectar os riscos para a saúde. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB2.3.3. Recoñece os efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB2.3.4. Observa, identifica e describe algúns avances da ciencia que melloran a saúde (medicina, produción e conservación de alimentos, potabilización da auga etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB2.3.5. Coñece técnicas de primeiros auxilios, en situacións simuladas e reais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC
BLOQUE 3. OS SERES VIVOS				
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Seres vivos, seres inertes. Diferenciación. ▪ B3.2. Organización e estrutura dos seres vivos: células, tecidos: tipos; órganos; aparellos e sistemas: principais características e funcións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Coñecer a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, tipos, órganos, aparellos e sistemas: identificando as principais características e funcións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB3.1.1. Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas nomeando as principais características e funcións de cada un deles. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Os seres vivos: características, clasificación e tipos. ▪ B3.4. Os animais vertebrados e invertebrados, características e clasificación. ▪ B3.5. As plantas: estrutura e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB3.2.1. Identifica as características e clasifica os seres vivos: <ul style="list-style-type: none"> - Reino animal. - Reino das plantas. - Reino dos fungos. - Outros reinos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT

	fisioloxía. A fotosíntese e a súa importancia para a vida na Terra.		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB3.2.2. Utiliza guías na identificación científica de animais e plantas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB3.2.3. Explica a importancia da fotosíntese para a vida na Terra. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ e ▪ h ▪ l ▪ i ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. As relacións entre os seres vivos. Cadeas alimentarias. Poboacións, comunidades e ecosistemas. Características e compoñentes dun ecosistema. ▪ B3.7. Ecosistemas: pradería, poza, lagoa, bosque, litoral e cidade e os seres vivos. A biosfera, diferentes hábitats dos seres vivos. ▪ B3.8 Hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos. ▪ B3.9. Uso de medios tecnolóxicos para o estudo dos seres vivos. ▪ B3.10. Interese pola observación e polo estudo rigoroso de todos os seres vivos. ▪ B3.11. Uso da lupa para a observación científica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Investigar as características de ecosistemas do seu contorno mediante a recollida de datos, facendo hipóteses, empregando diversas fontes de información e presentando os resultados en diferentes soportes, mostrando interese pola rigorosidade e hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB3.3.1. Investiga e explica as relacións entre os seres vivos. Cadeas alimentarias. Poboacións, comunidades e ecosistemas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB3.3.2. Recoñece e explica algúns ecosistemas: pradería, charca, bosque, litoral e cidade e os seres vivos que neles habitan. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB3.3.3. Observa e identifica diferentes hábitats dos seres vivos facendo fincapé no coidado destes e nomea algunhas causas de extinción de especies. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB3.3.4. Usa a lupa e outros medios tecnolóxicos para a observación científica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB3.3.5. Observa e rexistra algún proceso asociado á vida dos seres vivos, utilizando os instrumentos e os medios audiovisuais e tecnolóxicos apropiados, comunicando de xeito oral e escrito os resultados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA

BLOQUE 4. MATERIA E ENERXÍA

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Concepto de enerxía. Diferentes formas de enerxía. A luz como fonte de enerxía. ▪ B4.2. Electricidade: a corrente eléctrica. Circuitos eléctricos. Magnetismo: o magnetismo terrestre. O imán: o compás. ▪ B4.3. Os cambios de estado. As reaccións químicas: a combustión, a oxidación e a fermentación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Coñecer leis básicas que rexen fenómenos como a reflexión da luz, a transmisión da corrente eléctrica, os cambios de estado e as reaccións químicas: a combustión, a oxidación e a fermentación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB4.1.1. Investiga a través da realización de experiencias sinxelas para achegarse ao coñecemento das leis básicas que rexen fenómenos como a reflexión da luz, a transmisión da corrente eléctrica e os cambios de estado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB4.1.2. Investiga a través da realización de experiencias sinxelas para achegarse ao coñecemento das leis básicas que rexen reaccións químicas: combustión, oxidación e fermentación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Fontes de enerxía e materias primas: a súa orixe. Enerxías renovables e non renovables. ▪ B4.5. Fontes de enerxías renovables e non renovables. O desenvolvemento enerxético, sostible e equitativo. ▪ B4.6. Utilidade dalgúns avances, produtos e materiais para a sociedade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Coñecer as características das fontes de enerxía e materias primas renovables e non renovables e relacionalas co desenvolvemento enerxético e sostible. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB4.2.1. Identifica e explica algunhas das principais características das diferentes formas de enerxía: mecánica, lumínica, sonora, eléctrica, térmica e química. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB4.2.2. Identifica e explica os beneficios e riscos relacionados coa utilización das enerxías renovables e non renovables: esgotamento, choiva ácida, radioactividade, expoñendo posibles actuacións para un desenvolvemento sostible. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CCL

<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.7. Planificación e realización de experiencias diversas para estudar as propiedades de materiais de uso común e o seu comportamento diante da luz, o son, a calor, a humidade e a electricidade. ▪ B.4.8. Predición de cambios no movemento ou na forma dos corpos por efecto das forzas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Planificar e realizar sinxelas investigacións para estudar o comportamento dos corpos diante das forzas, a luz, a electricidade, o magnetismo, a calor ou o son. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB4.3.1. Planifica e realiza sinxelas experiencias e predí cambios no movemento, na forma ou no estado dos corpos por efecto das forzas ou das achegas de enerxía, comunicando o proceso seguido e o resultado obtido. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSIEE ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB4.3.2. Observa de xeito sistemático, aprecia e explica os efectos da calor no aumento de temperatura e dilatación dalgúns materiais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.9. Observación dalgúns fenómenos de natureza eléctrica e os seus efectos (luz e calor). ▪ B4.10. Atracción e repulsión de cargas eléctricas. ▪ B4.11. Separación de compoñentes dunha mestura mediante destilación, filtración, evaporación ou disolución. ▪ B4.12. Reaccións químicas: a combustión, a oxidación e a fermentación. ▪ B4.13. Normas de prevención de riscos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións sobre diferentes fenómenos físicos e químicos da materia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB4.4.1 Identifica, experimenta e exemplifica argumentando algúns cambios de estado e a súa reversibilidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB4.4.2. Separa os compoñentes dunha mestura mediante destilación, filtración, evaporación ou disolución. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB4.4.3. Presenta conclusións de procesos de investigación, experiencias sinxelas ou proxectos sobre diferentes fenómenos físicos e químicos da materia, en diferentes soportes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CCL ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB4.4.4. Identifica e expón as principais características das reaccións químicas: combustión, oxidación e fermentación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA

			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB4.4.5. Respecta as normas de uso, de seguridade e de mantemento dos instrumentos de observación e dos materiais de traballo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC
BLOQUE 5. A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS				
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Máquinas e aparellos. Tipos de máquinas na vida cotiá e a súa utilidade. ▪ B5.2. Análise de operadores e emprego na construción dun aparello. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Coñecer os principios básicos que rexen as máquinas e os aparellos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB5.1.1. Identifica diferentes tipos de máquinas e clasifícaaas segundo o número de pezas, o xeito de accionalas e a acción que realizan. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB5.1.2. Observa, identifica e describe algúns dos compoñentes das máquinas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB5.1.3. Observa e identifica algunha das aplicacións das máquinas e dos aparellos e a súa utilidade para facilitar as actividades humanas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ h ▪ j 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Construción de estruturas sinxelas que cumpran unha función ou condición para resolver un problema a partir de pezas moduladas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Planificar a construción de obxectos e aparellos cunha finalidade previa, empregando fontes enerxéticas, operadores e materiais apropiados, realizando o traballo individual e en equipo e proporcionando información sobre que estratexias se empregaron. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB5.2.1 Constrúe algunha estrutura sinxela que cumpra unha función ou condición para resolver un problema a partir de pezas moduladas (escaleira, ponte, tobogán etc.) 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. A electricidade no desenvolvemento das máquinas. ▪ B5.5. Elementos dos circuitos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Realizar experiencias sinxelas para coñecer as leis básicas que rexen a transmisión da corrente eléctrica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB5.3.1. Identifica os elementos dun circuito eléctrico, constrúe un e explica algúns efectos da electricidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSIEE ▪ CCL

	<ul style="list-style-type: none"> eléctricos. ▪ B5.6. Efectos da electricidade. ▪ B5.7. Condutores e illantes. ▪ B5.8. A relación entre electricidade e magnetismo. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB5.3.2. Observa e identifica as principais características dos imáns e relaciona electricidade e magnetismo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.9. A ciencia: presente e futuro da sociedade. ▪ B5.10. Beneficios e riscos das tecnoloxías e produtos. ▪ B5.11. Importantes descubrimentos e inventos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Coñecer os principais avances da ciencia e da tecnoloxía. Identificar os beneficios e riscos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB5.4.1. Coñece e explica algúns dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB5.4.2. Coñece e explica algúns dos avances da ciencia no fogar e na vida cotiá, na medicina, na cultura e no lecer, na arte, na música, no cine e no deporte e nas tecnoloxías da información e a comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC

6. PERFIL COMPETENCIAL

Competencia clave	Estándar de aprendizaxe
CL-MCT	Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante sobre feitos ou fenómenos naturais; analízaa; extrae conclusións; comunica a súa experiencia; reflexiona sobre o proceso seguido, e comunícao oralmente e por escrito.
MCT	Utiliza medios propios da observación.
CL	Consulta e utiliza documentos escritos, imaxes e gráficos.
AA	Desenvolve estratexias adecuadas para acceder á información dos textos de carácter científico.
IEE	Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, e mostra iniciativa na toma de decisións.
MCT	Utiliza, de maneira adecuada, o vocabulario correspondente a cada un dos bloques de contidos.
CL-MCT	Expón oralmente de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área, manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos.
D	Usa de forma autónoma o tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións, gráficos ou notas, etc.).
D	Fai un uso adecuado das TIC como recurso de lecer.
D	Coñece e utiliza as medidas de protección e seguridade persoal que se deben utilizar no uso das TIC ao seu alcance.
CL-D	Presenta as tarefas de maneira ordenada, clara e limpa, en soporte papel e dixital.
SC	Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, mostrando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.
SC	Coñece, comprende e respecta as normas de uso e de seguridade dos instrumentos e os materiais de traballo.
AA	Realiza experiencias sinxelas e pequenas investigacións, expoñendo problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, extraendo conclusións, e comunicando os resultados.
MCT-CL	Realiza un proxecto traballando de forma individual ou en equipo, e presenta un informe utilizando soporte papel e/ou dixital, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, Internet), con diferentes medios, e comunicando de forma oral a experiencia realizada,

	apoiándose en imaxes e textos escritos.
MCT	Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano: relación (órganos dos sentidos, sistema nervioso, aparato locomotor), nutrición (aparatos respiratorio, dixestivo, circulatorio e excretor) e reprodución (aparato reprodutor).
MCT	Identifica e describe as principais características das funcións vitais do ser humano: relación, nutrición e reprodución.
MCT	Identifica as principais características dos aparatos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor, e explica as principais funcións.
SC-MCT	Recoñece e relaciona estilos de vida saudables, e os seus efectos sobre o coidado e mantemento dos diferentes órganos e aparatos.
SC-MCT	Identifica e valora hábitos saudables para previr enfermidades, e mantén unha conduta responsable.
SC	Identifica e adopta hábitos de hixiene, coidado e descanso no seu día a día.
MCT-SC	Coñece e explica os principios das dietas equilibradas, identificando as prácticas saudables para previr e detectar os riscos para a saúde.
SC	Recoñece os efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas, sobre todo nas idades temperás.
MCT-SC	Observa, identifica e describe algúns avances da ciencia que melloran a saúde (medicamentos, produción e conservación de alimentos, potabilización da auga, etc.).
MCT	Coñece e utiliza técnicas de primeiros auxilios en situacións simuladas e reais.
SC	Identifica, comprende e describe emocións e sentimentos propios, dos seus compañeiros e dos adultos, manifestando condutas empáticas.
AA	Coñece e aplica estratexias para estudar e traballar de maneira eficaz.
AA	Reflexiona sobre o traballo realizado, extrae conclusións sobre como traballa e aprende, e elabora estratexias para seguir aprendendo.
SC-AA	Planifica de forma autónoma e creativa actividades de lecer e tempo libre, individuais e en grupo, que repercutan positivamente no seu modo de vida.
AA	Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas.
AA	Manifesta e desenvolve iniciativa na toma de decisións, identificando os criterios e as consecuencias das decisións tomadas.
MCT	Identifica, explica e clasifica as diferenzas entre seres vivos e seres inertes.
MCT	Identifica, describe e relaciona a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparatos e sistemas, identificando as principais

	características e funcións de cada un deles.
MCT	Observa e identifica as características, e clasifica os seres vivos (reino animal, reino das plantas, reino dos fungos, outros reinos).
MCT	Observa directa e indirectamente, identifica as súas características, e recoñece e clasifica os animais invertebrados.
MCT	Observa directa e indirectamente, identifica as súas características, e recoñece e clasifica os animais vertebrados.
MCT	Observa directa e indirectamente, identifica características e clasifica as plantas.
MCT-AA	Utiliza guías na identificación de animais e plantas.
MCT	Explica a importancia da fotosíntese para a vida na Terra.
MCT	Identifica e explica as relacións entre os seres vivos: cadeas alimentarias, poboacións, comunidades e ecosistemas.
MCT	Identifica e explica, oralmente e por escrito, algunhas das causas da extinción de especies.
MCT	Observa, identifica e compara as características e os compoñentes dun ecosistema.
MCT	Recoñece e explica algúns ecosistemas (pradaría, charca, bosque, litoral e cidade) e os seres vivos que habitan neles.
MCT	Observa, identifica e relaciona diferentes hábitats dos seres vivos.
SC	Mostra condutas de respecto e coidado cara aos seres vivos.
D	Usa a lupa e outros medios tecnolóxicos nos diferentes traballos que realiza.
MCT	Manifesta unha certa precisión e rigor na observación e na elaboración dos traballos
MCT-D	Observa e rexistra algún proceso asociado á vida dos seres vivos, utilizando os instrumentos e os medios audiovisuais e tecnolóxicos apropiados, e comunica os resultados de maneira oral e escrita.
SC	Respecta e comprende as normas de uso, de seguridade e de mantemento dos instrumentos de observación e dos materiais de traballo.
MCT	Observa, identifica, describe e clasifica algúns materiais polas súas propiedades (dureza, solubilidade, estado de agregación e condutividade térmica).
MCT	Utiliza diferentes procedementos para a medida da masa e o volume dun corpo.
MCT	Identifica e explica fenómenos físicos observables en termos de diferenzas de densidade.

MCT	Identifica, explica e compara as principais características da flotabilidade nun medio líquido.
MCT	Coñece e explica as leis básicas que rexen fenómenos tales como a reflexión da luz e a transmisión da corrente eléctrica.
MCT	Coñece as leis básicas que rexen o cambio de estado e as reaccións químicas (a combustión, a oxidación e a fermentación).
MCT	Planifica e realiza sinxelas experiencias, e predí cambios no movemento, na forma ou no estado dos corpos por efecto das forzas ou das achegas de enerxía; comunica de forma oral e escrita o proceso seguido e o resultado obtido.
MCT	Identifica, explica e relaciona algunhas das principais características das diferentes formas de enerxía (mecánica, luminosa, sonora, eléctrica, térmica e química).
MCT	Identifica e explica algunhas das principais características das enerxías renovables e non renovables, identificando as diferentes fontes de enerxía e materias primas, así como a orixe da que proveñen.
MCT-SC	Identifica e explica os beneficios e os riscos relacionados coa utilización da enerxía (esgotamento, choiva ácida, radioactividade), expoñendo posibles actuacións para un desenvolvemento sustentable.
MCT	Realiza experiencias sinxelas para separar os compoñentes dunha mestura mediante destilación, filtración, evaporación ou disolución, comunicando de forma oral e escrita o proceso seguido e o resultado obtido.
MCT	Identifica e expón as principais características das reaccións químicas: combustión, oxidación e fermentación.
MCT	Observa de maneira sistemática, aprecia e explica os efectos da calor no aumento de temperatura e a dilatación dalgúns materiais.
MCT	Identifica, experimenta e exemplifica argumentando algúns cambios de estado e a súa reversibilidade.
MCT	Investiga, a través da realización de experiencias sinxelas, sobre diferentes fenómenos físicos e químicos da materia, expoñendo problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, extraendo conclusións, comunicando resultados e manifestando competencia en cada unha das fases, así como no coñecemento das leis básicas que rexen os fenómenos estudados.
MCT	Investiga, a través da realización de experiencias sinxelas, para achegarse ao coñecemento das leis básicas que rexen fenómenos tales como a reflexión da luz, a transmisión da corrente eléctrica, o cambio de estado e as reaccións químicas (a combustión, a oxidación e a fermentación).
SC	Coñece, comprende e respecta as normas de uso, seguridade e conservación dos instrumentos e dos materiais de traballo na aula e no centro.

MCT	Identifica diferentes tipos de máquinas, e clasifícaaas segundo o número de pezas, a maneira de accionalas e a acción que realizan.
MCT	Observa, identifica, describe e relaciona algúns dos compoñentes das máquinas.
MCT	Observa e identifica algunha das aplicacións das máquinas e aparatos, así como a súa utilidade para facilitar as actividades humanas.
IEE	Constrúe algunha estrutura sinxela que cumpra unha función ou condición para resolver un problema, a partir de pezas moduladas (escaleira, ponte, tobogán, etc.).
MCT-IEE	Observa e identifica os elementos dun circuíto eléctrico, e constrúe un.
MCT	Observa, identifica e explica algúns efectos da electricidade.
MCT	Expón exemplos de materiais condutores e illantes, argumentado a súa exposición.
MCT	Observa e identifica as principais características dos imáns, e relaciona a electricidade e o magnetismo.
SC	Coñece e explica algúns dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade.
CL	Elabora un informe como técnica para o rexistro dun plan de traballo, comunicando as conclusións de forma oral e escrita.
SC	Valora e describe a influencia do desenvolvemento tecnolóxico nas condicións de vida e no traballo.
SC	Coñece e explica algúns dos avances da ciencia no fogar e a vida cotiá, o medicamento, a cultura e o lecer, a arte, a música, o cinema e o deporte, e as TIC.
D	Efectúa procuras guiadas de información na Rede.
D	Coñece e aplica estratexias de acceso e traballo en Internet.
D	Utiliza algúns recursos ao seu alcance proporcionados polas tecnoloxías da información para comunicarse e colaborar.

7. ENSINANZAS TRANSVERSAIS

Educación para a igualdade entre os sexos

Valorar as propias calidades como persoa, coñecer as súas aptitudes e limitacións, e valorar a pertenza ao sexo feminino ou masculino.

Educación do consumidor

Desenvolver a capacidade para tomar posturas críticas, coherentes, responsables e solidarias, e manifestar actitudes positivas nas súas accións de compra, goce de bens ou uso de servizos.

Valorar a necesidade de mellorar o uso e a reciclaxe das materias primas, reducir o consumo de enerxía e utilizar enerxías e materias alternativas non contaminantes.

Analizar e valorar o papel da publicidade na incitación ao consumo.

Educación ambiental

Coñecer o medio natural como un sistema vivo no que todos os elementos son interdependentes e onde o ser humano é un elemento máis, capaz de actuar sobre el, de cuestionalo e modificalo.

Analizar algunhas manifestacións da intervención humana no medio ambiente e tomar conciencia da deterioración que causan nel ditas intervencións.

Educación para a saúde. Educación sexual

Coñecer e practicar hábitos elementais de hixiene, alimentación e coidado persoal para o benestar físico e mental.

Tomar conciencia e rexeitar determinadas prácticas prexudiciais para a saúde.

Coñecer e apreciar os aspectos biolóxicos, emocionais e sociais da sexualidade, así como os papeis sexuais femininos e masculinos no exercicio da sexualidade como unha actividade de plena comunicación entre as persoas.

Establecer relacións equilibradas e construtivas coas persoas da súa contorna, nas actividades habituais e nas relacións de grupo, nun marco de aprecio e valoración.

Educación para a paz

Tomar conciencia e rexeitar calquera tipo de discriminación na súa contorna cotiá e na sociedade.

Cooperar co grupo, dialogar e resolver conflitos mostrando actitudes tolerantes e solidarias.

Educación moral e cívica

Mostrar autonomía persoal e capacidade de iniciativa na toma de decisións, aceptando as consecuencias de maneira responsable.

Respectar e valorar as diferenzas como enriquecemento persoal.

Valorar a solidariedade entre os países e o compromiso activo na defensa dos dereitos humanos e do medio.

Respectar os restos histórico-artísticos presentes no medio.

Educación viaria

Coñecer e saber pór en práctica instrucións de socorro e técnicas de primeiros auxilios en situacións reais ou simuladas.

8. AVALIACIÓN INICIAL

Na primeira quincena do curso realizarase unha avaliación inicial sobre os contidos mínimos esixidos no curso anterior.

CCPROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Os criterios de cualificación serán fundamentais para valorar o grao de adquisición das competencias básicas e os obxectivos fixados.

No primeiro trimestre realizarase unha **avaliación inicial** que servirá de referencia para o desenvolvemento do currículo.

Ao longo do curso realizaranse **tres avaliacións**, informando por escrito ao alumno e aos pais das cualificacións obtidas. A asignatura dividirase en temas ou unidades didácticas, que se repartirán ao longo das tres avaliacións.

Os **procedementos** serán variados (orais, escritos, de observación) e descritivos para facilitar a información do progreso nesta área e as competencias básicas, utilizando os seguintes **instrumentos**:

Observación sistemática.

Revisión de cadernos e traballos realizados polos alumnos/as.

Probas escritas.

Rexistro e control por parte do profesorado

Preguntas de clase

Preguntas por parte do alumno

Valoramos:

A realización dos exercicios diarios na

clase A realización das tarefas de casa

O seu interese

O esforzo

A resposta das preguntas diarias orais da clase

A realización das probas: orais e escritas.

Adoptando os seguintes **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**:

Coñecementos (50%): valoraranse mediante distintas probas: escritas e orais.

Traballo (40 %): inclúe o traballo no día a día e investigacións e exposicións sobre distintos aspectos da materia.

Actitude (10%): tendo en conta valores como o esforzo, responsabilidade e iniciativa persoal.

10. METODOLOXÍA

A área de Ciencias Naturais, a partir do recoñecemento da propia identidade e do contorno máis próximo, inicia aos alumnos no coñecemento, na análise e na valoración do contorno físico.

O ensino da área toma, como base para futuras aprendizaxes, os coñecementos previos que os alumnos adquiriron en contacto co contorno. **Partir da propia experiencia** esperta o interese por resolver problemas sobre a realidade que os rodea e entender os fenómenos que suceden ao seu redor, tanto os referentes á súa concepción de persoa e as súas relacións cos demais, como do coñecemento e coidado do contorno natural.

Fronte a un problema, utilizaremos diferentes estratexias de resolución, distintas hipóteses ou conxecturas, que dan lugar ao contraste e á diverxencia, entre diferentes pensamentos. É ao redor destas diverxencias onde se fomenta o interese, o espírito analítico e crítico e as posibles respostas dos alumnos.

A observación sistemática en situacións diferentes e a experimentación adquiren un papel relevante na interpretación de feitos e na explicación de fenómenos ou relacións. Todo iso conduce á introdución do método científico.

Dado o carácter interdisciplinario, insisteremos no protagonismo de todas as ciencias que configuran a área de Ciencias da Natureza.

A **integración das competencias e intelixencias múltiples** na área supón insistir máis nas ferramentas esenciais da aprendizaxe (comprensión e expresión oral e escrita) e poñer en práctica estratexias didácticas que consideren as diferentes posibilidades de adquisición do alumno/a.

O **uso das TIC** é un elemento para favorecer a construción de aprendizaxes con sentido, xa que nos permite motivar ao alumno, contextualizar o contido obxecto de aprendizaxe, facilitar a relación da nova aprendizaxe con contextos reais, facilitar a transferencia, xeneralizar e ampliar o contido e facilitar a elaboración de síntese e a transferencia do coñecemento. Utilizaremos o libro dixital e unha serie de recursos como material complementario ao desenvolvemento da metodoloxía desta área.

• ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS

Aula:

Adaptable segundo as actividades (orais, escritas, proxectos, con encerado dixital, canón...).

A disposición permitirá desprazarse con facilidade polos distintos espazos e os materiais estarán ao alcance dos nenos para que traballen de forma autónoma.

Espazos comúns:

Patio, corredores, ximnasio, comedor, biblioteca do centro, sala de informática...

Espazos exteriores (casa, biblioteca, visitas...):

Proxectos cooperativos, exercicios de aplicación, consolidación e estudo autónomo.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Libro de dixital

Recursos educativos (Internet).

Ordenador do profesorado

Encerado dixital.

Material de laboratorio de Ciencias Naturais

• ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Terase en conta a atención á diversidade de niveis, estilos e ritmos de aprendizaxe, de intereses e capacidades dos alumnos:

9. ADAPTACIÓN CURRICULAR (BÁSICA): Os contidos nucleares da unidade didáctica preséntanse de forma máis pautada, con maior apoio gráfico, seguindo unha secuencia de aprendizaxe que facilita a adquisición de competencias por parte dos alumnos.
10. PLANS INDIVIDUAIS dirixidos a alumnos que o requiren (estranxeiros, incorporación tardía, necesidades educativas especiais e superdotación) CON FICHAS DE REFORZO E/OU AMPLIAC
11. ENSINO TITORADO .
12. TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN.
13. LECTURAS E CONSULTAS DE FORMA LIBRE.

INCORPORACIÓN DAS TIC NA AULA

Utilizaremos:

<i>Libro Dixital Interactivo</i>	<ul style="list-style-type: none">• Libro proxectable que incorpora elementos de interactividade: actividades, ligazóns, animacións...
<i>Actividades TIC</i>	<ul style="list-style-type: none">• Actividades integradas nas secuencias de aprendizaxe.
<i>Recursos interactivos da nosa web</i>	<ul style="list-style-type: none">• Ligazóns de actividades interactivas existentes na nosa web
<i>Ligazóns a Internet</i>	<ul style="list-style-type: none">• Aproveitamento de recursos educativos en Internet: procura de imaxes, información ou curiosidades e selección e organización para transformar estes elementos en coñecemento.
<i>Uso de programas informáticos para a realización de traballos na aula e fóra dela</i>	<ul style="list-style-type: none">• Procesadores de texto –Word, Libreoffice,...-, presentación – openoffice, scribus,...-, tratamento de imaxe e vídeo, etc

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR

LECTURA

10. Lectura do libro de texto.
11. Outros textos escritos: curtos, de tipoloxía diferente (informativo, descritivo, contos, poemas...).
12. Textos en soporte dixital (Internet e aplicacións informáticas, lectura en pantalla).
13. Textos orais complementados e acompañados de imaxes ou audios.

EXPRESIÓN

- Exposición oral e escrita en traballos individuais, actividades en grupo, en razoamentos ou intervencións: planificación, redacción, revisión.
- Expresión oral e escrita das aprendizaxes, utilizando un vocabulario preciso.
- Expresión escrita en soporte papel e en pantalla.

ACCIONES DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO

1. SITUACIÓN DO ALUMNADO DE 6º DE PRIMARIA

O alumnado é maioritariamente castelán falante. Teñen o castelán como lingua inicial e como lingua habitual.

Obsérvase que a competencia en lingua galega mellora na escrita ao finalizar o ciclo, estando un pouco máis baixo o nivel que o castelán, pero na expresión oral é moito máis baixa.

2. SITUACIÓN DO PROFESORADO.

A maior parte dos docentes do centro empregan o castelán en contextos informais, fóra da clase. É o idioma empregado habitualmente, aínda que moitos teñen como lingua inicial o galego pero a lingua habitual é compartida dependendo dos contextos.

A competencia en galego é case do 100% por parte dos docentes.

3. LINGUA DO ENSINO

Como se deriva da análise sociolingüística, atopámonos nun contorno castelán falante. Tendo en conta o marco legal e o noso punto de partida, fixaremos a lingua de ensino na área de Ciencias da Natureza de 6º de primaria en lingua Galega.

4. OBXECTIVOS XERAIS

Respondendo a un contorno castelán falante e como pautas para a planificación do noso proxecto lingüístico, centrarémonos en dous obxectivos xerais:

Que o alumnado aumente a competencia e uso habitual do galego.

Que acaden unha axeitada competencia en galego ao remate da etapa.

5. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Ser quen de manter unha conversa en galego. Ler en galego con fluidez.

Ampliar o vocabulario galego.

Ser quen de expresarse por escrito en galego.

6. MEDIDAS PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS PREVISTOS.

A lingua vehicular desta área será o galego

Utilizaranse os textos en galego.

A programación será en Galego.

Na aula haberá un diccionario de galego, así como varios exemplares na biblioteca e en cada titoría. Tamén en cada titoría haberá un exemplar coas novas normas ortográficas do galego.

Aumentaranse os volumes de libros en lingua galega na biblioteca do centro e nas distintas bibliotecas de aula.

Aumentarase o material fonográfico e informático en galego.

17. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓNS AO PLAN DE CONVIVENCIA DO CENTRO

Os obxectivos fundamentais do noso PLAN DE CONVIVENCIA QUE SON:

13. Fomentar a convivencia no centro
14. Instaurar o sentimento de pertenza a un grupo, sentíndose todos os seus membros ben acollidos, respetados e seguros, todos e todas.
15. Aprender estratexias de resolución pacífica de conflitos tales que nos permitan vivir de xeito pacífico tanto dentro como fora da escola
16. Adquisición por parte do alumnado das competencias necesarias para lograr unhas relacións sans consigo, cos demais e co medio no que vive
17. Dotar a comunidade educativa dos recursos necesarios para a xestión do conflito.

Para levar a cabo isto centramos o noso labor en tres eixos fundamentais:

O COIDADO DA PERSOA:

Procuraremos acadar nos nosos alumnos o benestar emocional.

Traballaremos a **educación en valores** e as **habilidades sociais**. Utilizaremos especificamente o programa de habilidades sociais "E como? Unha guía para a convivencia.

Prestaremos especial **atención á diversidade** entendendo a diferenza coma un valor.

O COIDADO DO ENTORNO:

Buscamos unha escola aberta e integrada no entorno

Procuraremos ter un **entorno físico agradable**: Traballarase a normas: De

cada unha das aulas: orden do material escolar e limpeza

Do patio de recreo: limpeza e resolución de

conflictos Do resto das instalacións

O COIDADO DAS RELACIÓNS:

Coas familias:

Reunións informativas con todas as familias e ademais

Entrevistas persoais con cada unha das familias.

Entre todo o persoal do centro e, en especial entre o profesorado e o alumnado e entre todo o alumnado polo que é necesario levar a cabo:

Un labor tutorial para:

Establecer entre todos unhas normas fundamentais de aula.

Acadar unha cohesión de todo o grupo.

15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Distintas visitas culturais.

Actividades reciclaxe.

Excursión fin de curso.

19. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN

ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA		RESULTADOS ACADÉMICOS	PROPOSTAS DE MELLORA
Preparación da clase e dos materiais didácticos	Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das clases.		
	Existe unha distribución temporal equilibrada.		
	O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.		
Utilización dunha metodoloxía adecuada	Tivéronse en conta aprendizaxes significativas. Considérase a interdisciplinabilidade (en actividades, tratamento dos contidos etc.).		
	A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a.		
Regulación da práctica docente	Grao de seguimento dos alumnos.		
	Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.		
	Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.		
Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá aos alumnos e as familias	Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos.		
	Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.		
	Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.		
	Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronse a coñecer: <ul style="list-style-type: none"> • Aos alumnos. • Ás familias. 		
Utilización de medidas para a atención á diversidade	Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe.		
	Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.		
	As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.		
	Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.		

20. MODIFICACIÓNS DE MELLORA DA PROGRAMACIÓN ANTERIOR

No seguinte curso realizaranse as modificacións oportunas tendo en conta os resultados da avaliación recollidos no cadro anterior.

1. Adaptacións necesarias no caso de docencia non presencial.

1.1.- Metodoloxía, materias e recurso en caso de atención a alumnado en corentena ou en caso de suspensión das clases presenciais (alumnado con conectividade e sen conectividade)

Alumnos/as con conectividade:

Favorecer a integración nas actividades de forma participativa por medio de:

- ✚ Traballo específico para propiciar a participación, a espontaneidade, a creatividade e a iniciativa personal.
- ✚ Propiciar situacións nas que o alumnado deba poñer en práctica os coñecementos adquiridos.
- ✚ Proporcionar situacións de aprendizaxe que teñan sentido para o alumnado, coa fin de que resulten motivadoras.
- ✚ Utilizar temas que lle interesen e xogos como recurso didáctico de aprendizaxe.
- ✚ Utilizar o máis próximo para a experimentación e posterior construción do propio coñecemento.
- ✚ Atención á diversidade con actividades que fomentan a integración das diferenzas funcionais dos alumnos/as
- ✚ No caso dos nenos/as con neae existe unha adecuada coordinación entre profesorado de PT/AL e as titoras.

Actividades:

Actividades variadas dirixidas a potenciar as distintas formas de aprendizaxe e as diferentes intelixencias de cada alumno/a.

- ✚ Repaso de determinadas actividades das Unidades Didácticas mediante o seguimento do programa SNAPPET (de ser o caso) no ordenador que fomente unha aprendizaxe activa e autónoma.
- ✚ Realización de videoconferencias en Webex para compartir vivencias, resolver dúbidas, pequenas exposicións.
- ✚ Realización de pequenos traballos de investigación.
- ✚ Visualizar vídeos referidos ao tema traballado
- ✚ Creación colaborativa de power point ou vídeo como produto final de microproxectos da área.
- ✚ Radio escolar para a Comunidade Educativa onde se tratan temas de interese coa implicación de alumnado e profesorado.
- ✚ Realización de cuestionarios para comprobar o aprendido.
- ✚ Actividades interactivas: xogos de memoria, puzzles, contos, cancións, test, actividades de relacionar, encrucillados, sopas de letras e roscas de palabras, entre outros, elaborados con distintos programas.
- ✚ Coa finalidade de atender ás necesidades afectivas e emocionais do noso alumnado e as súas familias fóméntanse actividades para manter o contacto de toda a comunidade educativa desde a biblioteca escolar e na área de educación artística compartindo presentacións coas fotos dos alumnos/as ensinado as súas creacións.

Alumnos/as sen conectividade:

- ✚ Propoñeranse actividades nun formato accesible para as familias sen conectividade.

Materiais e recursos

A forma de permanecer en contacto co alumnado será a través de calquera destes medios:

- SNAPPET, programa interactivo que conta con chat persoal entre profesor-alumno (de ser aprobado polas familias).
- Aula virtual
- Recursos elaborados polos mestres
- Blogs externos.
- Videoconferencias por Wébbex
- A comunicación lévase a cabo, con todos os alumnos/as a través da aula virtual. As actividades son plantexadas a través da aula virtual do centro. Os nenos envían os seus traballos pola por esta plataforma, do mesmo xeito, lles son enviadas as correccións.
- Videoconferencias.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

METODOLOXÍA: ASPECTOS XERAIS	ACTIVIDADES TIPO. RECURSOS E MATERIAIS. ESCENARIOS.
<p>1.- Partir do nivel de desenvolvemento do alumn e das súas aprendizaxes previas.</p> <p>2.- Posibilitar que os alumnos realicen aprendizaxes significativas por sí mesmos.</p> <p>3.- Favorecer situacións nas que o alumnado deba poñer en práctica os coñecementos adquiri e actualizar os novos coñecementos.</p> <p>4.- Proporcionar situacións de aprendizaxe que teñan sentido para os alumnos, coa fin de que resulten motivadoras.</p> <p>5.- Integrar os alumnos nas actividades dunha fo activa, participativa e cooperativa.</p> <p>6.- Utilizar o xogo como recurso didáctico de aprendizaxe.</p> <p>7.- Utilizar o máis próximo para a experimentación e posterior construción do propio coñecemento.</p> <p>8.- Propiciar a participación, a espontaneidade, a creatividade e a iniciativa pers</p> <p>9.- Propiciar aprendizaxes cooperativas en diversas situacións.</p>	<p>ACTIVIDADES TIPO</p>
	<ul style="list-style-type: none"> • Detectar ideas previas sobre os contidos que se van traballar en cada unidade formativa. • Plantexar a tarefa a realizar • Crear unha atmosfera de silencio, especialmente nas exposicións para lograr unha maior atención. • Participación realizando preguntas, dúbidas, suxestións... • Realizar traballos en grupo para incentivar a cooperación e organización de tarefas. • Utilizar o xogo como repaso de contidos e introducción dos novos. • Utilizar aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades. • Propoñer sinxelas tarefas integradas. • Crear un clima relaxado e participativo, pero acatando unhas normas establecidas para a realización das distintas actividades.
	<p>RECURSOS E MATERIAIS</p>
	<ul style="list-style-type: none"> • Libro de texto e/ou dixital. • Ecerado dixital. • http://paraprofesypadres.blogspot.com/p/recursos-primaria.html • Ordenador, Internet, webs 2.0 • Caderno do alumno/a... • Fichas elaboradas pola mestra. • Fichas sacadas de diversos materiais didácticos. • Fichas de reforzo e de ampliación de cada unidade. • Láminas.
	<p>ESCENARIOS</p>
	<ul style="list-style-type: none"> • Entorno Próximo • Biblioteca escolar (naquelas actividades propostas dixitalmente dende o centro). • Vivenda.
	<p>AGRUPAMENTOS</p>
	<ul style="list-style-type: none"> • Traballo individual, debido a situación de pandemia. • O traballo cooperativo farase de xeito virtual empregando as ferramentas das que contamos: aula virtual, snappet, cisco webex, google drive, classroom...

1.2. Procedementos e instrumentos de avaliación para o ensino non presencial.

Todas as tarefas diarias se poñeran á disposición do alumnado na aula virtual. Estas tarefas serán valoradas para a cualificación final. Levarase a cabo unha conferencia diaria con todos os nenos e nenas mediante a plataforma Webex para traballar os contidos máis importantes, aclarando dúbidas, conceptos, afianzando obxetivos cos que están a traballar...

A AVALIACIÓN CONTINUA

O alumnado debe ser avaliado sistemática e periodicamente, tanto para medir individualmente os coñecementos e competencias adquiridos como para introducir no proceso educativo cantos cambios sexan precisos se a situación así o require.

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global. Estableceranse as medidas máis axeitadas para que as condicións de realización das avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno/a non sexa o axeitado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar

1.3 Medidas de atención á diversidade para o alumnado NEAE.

Estableceremos as seguintes medidas de atención á diversidade:

- Realizaremos un Plan de Reforzo, facendo axustes curriculares segundo as necesidades individuais do alumnado derivadas dos resultados da avaliación inicial.
Neste plan estableceranse as medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado. Entre estas medidas estarán a proposta de tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica de todas as competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a autoaprendizaxe, o pensamento crítico e creativo e a investigación mediante proxectos de traballos, entre outras.
- Deseñaremos actividades para todo o grupo-clase que favorezan ACNEAE, por exemplo, actividades de educación emocional, de relaxación, de autocontrol e de interacción social.
- Prestarase especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e aqueles que tivesen dificultades derivadas do fenda dixital.
- Atenderemos aos diferentes modos que ten o alumnado de percibir e expresar a información para garantir a comprensión e a comunicación da mesma.